


# A CHAIRA



## C.E.I.P. MUHENTA



# **CONTIDOS**

❖ **EDITORIAL**

❖ **BIBLIOTECA e CONTACONTOS**

❖ **O SAMAÍN**

❖ **O MAGOSTO**

❖ **NADAL**

❖ **DÍA DA PAZ**

❖ **ENTROIDO**

❖ **TEATRO**

❖ **ALDEANOVA**

❖ **MUSEO**

❖ **GARABULLOS**

❖ **O MUNDO DE INFANTIL**

❖ **LETRAS GALEGAS**

❖ **A NOVA LENDA DE GARABULLOS DO 1º E 2º CICLO**

❖ **MOCHILA VIAXEIRA**

❖ **O MAXÍN DO 3º CICLO**

❖ **PREMIADOS 2.010**

# EDITORIAL

*Un ano máis sae á luz a revista do C.E.I.P. Muimenta “A CHAIRA”, froito do esforzo, traballo e colaboración de alumnos, alumnas, mestres e outros membros da comunidade educativa, pois nela téntase reflectir o traballo dos nenos e nenas dende Educación Infantil ata o 3º Ciclo de Educación Primaria.*

*Nesta revista aparecen actividades diversas e variadas feitas ao longo do curso escolar, que contribúen a unha formación en liberdade, en responsabilidade, e en definitiva ao desenvolvemento integral do alumnado; porque só así se consegue o obxectivo para o que foi creada: conseguir o avance do noso idioma galego en toda a comunidade educativa e **dinamizar** ese idioma que nos identifica.*

*Por iso os animamos a lela e agardamos que os lectores a mirenen e lean co mesmo cariño con que nós a elaboramos.*

*A portada, ilustrada pola alumna de sexto curso “Lucía López López”, recordaranos sempre esas grandes experiencias vividas e o núcleo do que partimos, porque a medida que os nenos van medrando van descubrindo outros camiños ata convertirse en persoas máis libres, autónomas e responsables, capaces de transmitir eses valores adquiridos.*

# BIBLIOTECA

O 24 de outubro conmemórase o "Día da Biblioteca". Para traballar ese día fixemos un mural entre todos os nenos e nenas do cole. O lema elixido foi "Que é unha biblioteca para ti?". Os nenos e nenas de EI fixeron, nas súas casas, unha escolma de imaxes con xente lendo ou con libros. Os de EP fixeron as letras para formar o lema no mural. Ademais fixeron debuxos que intentaban dar resposta á pregunta plantexada no lema.



## Contacontos

Recibimos a visita dun contacontos da editorial Kalandraka, acompañada dun músico. Ao ritmo da música escoitamos entusiasmados os contos.



# O SAMAIN



Na celebración da festa celta “O Samain”, convertemos o colexio nunha auténtica casa de terror, pocimas, meigallos e maldicións. O centro foi visitado por todo tipo de seres malvados, dende pantasmas, bruxas, esqueletos, arañas parlanchinas, vampiros... ata incluso seres endemoniados.

Tampouco nos quixemos esquecer dunha das tradicións máis arraigadas desta festa outonal galega, as cabzas. Polo que establecemos un concurso de cabzas entre os alumnos/as de todo o centro. Cada neno/a construía a súa propia cabaza guiándose pola súa capacidade creativa. E finalmente todos xuntos, e despois dunha acalorada votación, conseguimos premiar as gañadoras.

Pero non todo o noso traballo rematou aí, senón que os alumnos/as de terceiro ciclo, coa axuda da mestra de inglés tamén construíron un libro nesta lingua con conxuros e pócimas de bruxas.

Pero pese ó medo vivido, soubémonos divertir moitísimo grazas a tres actividades :

**A CASA DAS TINIEBLAS** (Onde gañaba o equipo que, unha vez encerrados no ximnasio totalmente a escuras e con trampas polo medio, recadaban o maior número de pantasmas brillantes posible).

**A RULETA DA CABAZA** (Onde todos os nenos/as sentados nun círculo se ían pasando a cabaza no sentido das agullas do reloxo mentres soaba a música, e cando se detiña esta, perdía o neno que tivera a cabaza, e así sucesivamente ata quedar un gañador).

**O BAILE DE DESPEDIDA** (e para rematar o día bailamos ó unísono unha coreografía moi simpática no patio de colexio)

Ós gañadores de cada xogo levaban como premio unha bolsiña de cabzas de chocolate e de máis lambetadas.



# O MAGOSTO

O Magosto, sen dúbida, é unha celebración que non pode faltar nun colexio galego, posto que este saboroso froito seco e todas as festas gastronómicas e culturais que o seguen son parte inherente ás costumes da nosa comunidade, e debémolas coñecer e practicar xa dende moi nenos.

Este ano no CEIP Muimenta decidimos non só adicarlle tempo a encher o noso bandullo cun bo cestiño de castañas, construído por nós mesmos días antes, para poder degustalas. Todos xuntos cooperamos na realización de murais para poñer bonito o noso centro.



E coma bos deportistas que somos, decidimos amosar as nosas habilidades atléticas realizando un circuito de xogos que tiñan A CASTAÑA coma material de xogo principal. O circuito estaba composto por 6 xogos, tantos coma grupos de nenos estaban establecidos.

### Os xogos foron os seguintes:

**O monstro traga- castañas** (monstro de cartón ó que lle tiñamos que meter castañas pola boca dende unha certa distancia para conseguir puntos).



**O hóckey acastañado** (xogo de relevos onde cada castaña tiña unha letra, o noso obxectivo era trasladar cada castaña cun pau de hóckey para formar palabras relacionadas co magosto. Gañaba o equipo que máis palabras conseguise formar).



**Os bolos con castañas** (derribando latas coa axuda de lanzamentos de castaña).



**A oveira de castañas** (panel feito con cartolinas, botes de iogur e oveiras, onde cada buraco tiña unha puntuación. Os nenos tiñan que lanzar as castañas dende unha distancia determinada para ir sumando puntos).



**As iogurteiras** (onde cada un tiña que inserir unha castaña nun envase de iogur sen tocala, posto que estaba unida a el por un fío).





Pero non todo quedou aí..., xa que os nenos e nenas do colexio amosaron ser uns grandes **chefs** traendo das súas casas receitas de cociña na que o ingrediente estrela eran as castañas (doces, cremas, potaxes...). E coma en curiosos e ordenados ninguén nos gaña, archivámolas escribíndoas en follas de castiñeiro feitas con cartolinas de cores.



# NADAL

Chegou o Nadal e como todos os anos os nenos e nenas traballaron arreo para dar vida ao festival e para que o cole estivese moi ben ambientado.



**TREN DO NADAL DO CEIP MUIMENTA**



O festival de este ano estivo de estrea non só por o lugar onde foi celebrado, a Casa da Cultura, senón tamén por o decorado do escenario. O esforzo dos nenos e nenas pagou a pena é o resultado foi excelente. No festival demostraron que Muimenta é terra de artistas, xa que puidemos disfrutar de diferentes manifestacións artísticas, dende as tradicionais panxoliñas ata os máis modernos bailes, pasando por magníficas actuacións teatrais.

**UN PECECITO**



**RODOLFO, EL RENO**



**QUEN LLE  
PON O  
CASCABEL  
Ó GATO?**



**CONTO DE NADAL**



**HOT N COLD**



# DÍA DA PAZ



O pasado día 30 de Xaneiro celebramos o “**Día da Paz e Da Non Violencia**”. Para conmemoralo ademais de por en práctica as nosas dotes artísticas realizando e pintando diversos debuxos, realizamos dous murais xigantes.

Un deles representaba un mapamundi no que diversos debuxos de nenos/as de diferentes razas se daban a man ó redor (cada neno do colexio pintou un destes debuxos). No outro amosaron o seu dominio da lingua inglesa realizando dito mural neste idioma coa colaboración da mestra de inglés.

Claro que co marchosos que somos non todo ía quedar aí... Para animar a festa cantamos todos xuntos e coas mans unidas a canción de “*Celebra la Vida*”.

E coma tódolos días de conmemoracións aprendemos unha importante lección, que pese traballar con máis detemento a paz neste día, debémola traballar tamén tódolos días do ano respectando ós que nos rodean xa que se en algo estamos de acordo e que ...

**“A PAZ COMEZA CUN BONITO SORRISO”**





# ENTROIDO



O Entroido é, sen dúbida, unha das tradicións máis arraigadas de Galicia. No cole vivimos esta festa con gran emoción nunha semana cargada de celebracións.

Comezamos a semana coa noticia dunha invasión marciana. Tiñamos que seguir as instrucións impostas polos marcianos, senón sufriríamos unha vinganza marciana.



Durante toda a semana fomos seguindo as instrucións dadas polos marcianos e ao chegar o xoves, fomos agasallados cunhas exquisitas filloas.



O venres disfrutamos do festival cunhas actuacións que unha vez máis amosaron os estupendos artistas que temos no noso cole. Son unhas auténticas estrelas!!



Non podíamos rematar a celebración do Entroido Escolar sen a queima do Meco e a lectura do texto.



A semana rematou coa visita dos marcianos para darnos as grazas pola nosa colaboración.



# TEATRO

O 2 de Decembro fomos o Auditorio Municipal Gustavo Freire, a disfrutar xunto con outros coles da representación "Historias dunha árbore milenaria", que narraba a historia dun leñador moi ambicioso e da última árbore que lle quedaba por cortar. Pasamos unha boa mañá e rematamos o día dando un paseo polo Centro Comercial "As Termas".






# ALDEA NOVA



No segundo trimestre os membros deste colexio saímos con dirección a Sedes (Narón) para visitar o Pasque da Natureza e Cultura Autóctona "Aldea Nova". Alí fomos a participar en tres obradoiros:

- "Buscando estrelas": Visitamos un planetario onde vimos dunha maneira moi orixinal as estrelas, os planetas e o espazo,. Tamén visitamos un reloxo solar.
- "Cociña Creativa": Dun xeito moi divertido fixemos exquisitas bolachas de nata e limón e brochetas de froitas.
- "Xogos dos nosos avós": Despois da comida e para queimar calorías practicamos xogos populares. Entre eles estaban a chave, os zancos, os birlos, a rá ...

Aldea, a cadela do Parque, acompañounos gran parte do día.



# MUSEO

O pasado 9 de abril, todos os alumnos e alumnas do CEIP Muimenta fomos de visita ao Museo Provincial de Lugo. Unha vez alí, fomos divididos en tres grupos para facer tres obradoiros distintos:

•EI: Tomando como referencia o cadro "A Escola de Doloriñas" De Xulia Minguillón, os máis pequerrechos do cole escoitaron un conto. Aquí comparábase a escola de onte e a de hoxe. A continuación os nenos/as reproduciron a obra compoñendo un puzzle grande con pezas que imitaban a forma, a cor e a textura do cadro.

•1º, 2º e 3º: De Safari no Museo. A monitora deunos unhas tarxetas con animais. Tiñamos que ir de sala en sala buscando nos cadros, moedas, esculturas... Quen encontraba o animal da súa tarxeta gañaba un sombreiro que se chamaba *salacot*. O que máis nos gustou foi a parte das moedas e esculturas.


•4º, 5º e 6º: A arte do vestido. O noso obradoiro consistía en coller un plano do museo e un caderniño no que tivemos que pegar pegatinas, guiándonos con pistas que había nos cadros. Demos unha volta polo museo e, ao mesmo tempo, fomos aprendendo algo máis sobre os cadros. Ao final déronnos unhas carpetas que contiñan vestidos de homes e mulleres.

Antía Setián Liz



# GARABULLOS

O día 27 de Maio de 2.010, fomos de excursión á Granxa Garabullos. Cando chegamos, reuníronnos nunha fraga, e alí contáronnos un conto, que se titulaba "A meiga da lagoa".



Despois de contar o conto dividíronnos en dous grupos: os de infantil, 1º e 2º ían con Xali, a súa monitara, e nós, os de 5º, 6º, 3º e 4º íamos con Edu.

El díxonos que íamos facer tres actividades. Primeiro ensinounos a súa horta, na que había: cenourias, leitugas, acelgas... Tamén nos dixo que fabricaban o seu propio sulfato, para non matar os insectos. Este facíase da seguinte maneira: Primeiro collían ortigas e deixábanas macerando en auga uns vinte días, e finalmente sulfataban. Tamén sementamos acelgas, e regámolas. Despois fixemos a segunda actividade. Fomos ver os animais, primeiro vimos dous cabalos de raza galega, e tamén unha cocha celta. Tamén vimos uns patos, unha calerita e moitos animais máis. Cando acabamos de velos, todos fomos comer. Cando acabamos volvéronnos a contar outro conto, pero

esta vez tiñamos que encontrar un tesouro. Fomos encontrando tarxetas onde nos poñían pistas, ata que encontramos a última, que poñía: "Ja Ja habéis caído en una trampa, agora tendréis que volver al teatro del bosque". Tivemos que volver á granxa. Cando chegamos, fomos mirar na fraga onde nos conta-  
ran os contos. Alí encontramos o tesouro íera unha leuxaina! Todos e todas quedamos moi contentos, e con ganas de volver. ¡Amin, foi a excursión que máis me gustou deste curso!

María Cando Guña

